

**AS PERSOAS NO CENTRO**  
**Ponencia Política Participativa**  
**do PPdeG**



**GALICIA**

## **TÁBOA DE CONTIDOS**

1. MANIFESTO POLÍTICO DA PONENCIA DO PPdeG:.....	3
AS PERSOAS NO CENTRO .....	3
2. UN PARTIDO ABERTO A TODOS: NOVAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN POLÍTICA	6
3. RECUPERACIÓN ENTRE TODOS: ECONOMÍA E EMPREGO .....	12
4. RECUPERACIÓN PARA TODOS: BENESTAR E POLÍTICA SOCIAL.....	18

## **1. MANIFESTO POLÍTICO DA PONENCIA DO PPdeG: AS PERSOAS NO CENTRO**

O resultado das eleccións municipais do 24 de maio de 2015 ten levado ao Partido Popular de Galicia a abrir un proceso de reflexión interna e de apertura social para recabar opinións da cidadanía, a través de aportacións individuais ou de entidades e colectivos. O obxectivo é incorporalas a esta ponencia participativa coa que o PPdeG pretende reflexionar sobre a necesidade de introducir cambios nas formas de facer política, nas actitudes e no propio discurso político cunha única finalidade: manter e incrementar o respaldo cidadán que de sempre ten caracterizado ao noso partido, e que o convertiron na primeira forza política de Galicia.

A elaboración desta ponencia significou o maior proceso de apertura de todos os que leva feito o PPdeG na nosa historia como organización política. A súa razón de ser está na intención de mudar a nosa filosofía de xestión: non queremos gobernar aos galegos, queremos gobernar para os galegos e cos galegos. E iso pasa por consensuar con eles, en primeira persoa, cara a cara, cales deben ser as liñas de actuación das administracións nas que temos presenza institucional.

Este documento xorde dun proceso de participación aberto e plural. Sabendo que Galicia ten tantas facianas como galegos e galegas somos. A nosa sociedade cambia e nós debemos cambiar con ela, debemos adaptarnos ás súas necesidades e ás súas demandas.

Somos o partido que máis se parece a Galicia, o que máis se parece aos galegos e ás galegas. Pero isto non pode ser unha frase feita e gastada de tanto usala. Ten que ser un feito veraz e plenamente vixente. Constatado no día a día. E para que isto siga sendo así, temos que ser o partido máis sensible aos cambios que Galicia experimenta, e ás necesidades e preocupacións da maioría da sociedade; dunha sociedade madura, que avanza cos tempos novos.

A nosa vocación como forza política é contribuir ao avance de Galicia e ao incremento da calidade de vida do conxunto da cidadanía, de forma inclusiva, sen que ninguén quede atrás, e sendo especialmente sensibles con aquelas persoas e colectivos que peor o están a pasar como consecuencia desa longa crise económica que xurdiu no ano 2008. A crise foi cruel, e a recuperación debe ser por elo especialmente sensible.

Esa sensibilidade que temos que buscar na recuperación dos estándares de calidade de vida que tiñamos en Galicia ata hai uns anos é perfectamente compatible con manter o que somos como partido. E somos un partido galeguista, comprometido co desenvolvemento de Galicia. O noso galeguismo representa -dende a moderación-, a forma particular que temos os galegos de sentirmonos españois, sen que iso supoña ningún conflito de identidade. É un galeguismo cordial, integrador e cohesionador, orgulloso dos seus sinais de identidade, da nosa cultura, da nosa lingua e da nosa realidade, que fai de Galicia unha entidade social, cultural, económica, e política propia que forma parte de España como proxecto común de

todos.

Pero tamén somos un partido de profundas raíces municipalistas, entendendo este concepto como un principio baseado na defensa do relevante papel dos concellos como administración máis achegada aos cidadáns, e que, polo tanto, reciben en primeiro lugar as demandas crecentes da cidadanía. Eles son o primeiro contacto entre os cidadáns e as institucións, e polo tanto os concellos son os primeiros en dar resposta a esas necesidades dos galegos. Esa proximidade intrínseca á política municipal ten que ser a que inspire a nosa acción política nos municipios, si; pero tamén nos gobernos provinciais e autonómico, e debemos exportala as institucións estatais e incluso comunitarias.

Somos reformistas e centristas. Sómolo porque aspiramos a representar o sentir e o pensar da maioría dos galegos, dende a moderación e dende posicións políticas centradas na persoa.

Somos centristas porque queremos ser o espello no que se recoñeza á maioría social do país, fuxindo da radicalización, dos extremismos, e buscando na moderación a mellora da calidade de vida dos nosos veciños e das nosas veciñas.

E somos reformistas porque ese cambios a mellor xurdirán sempre do entendemento dunha idea: que a nosa sociedade está en permanente cambio, e os partidos políticos e as administracións públicas deben contribuir e acompañar esa evolución co desenvolvemento de políticas novas para adaptarse aos tempos cambiantes e para atender as necesidades crecentes da nosa sociedade.

Nestes tempos de confrontación e polarización política, o PPdeG aspira a ocupar posicións políticas ubicadas na centralidade na que están cómodos a inmensa maioría dos galegos. Facémolo –e o faremos aínda con maior intensidade– mantendo á persoa como eixo da acción política, e o progreso social como un dos nosos grandes obxectivos.

Nembargantes, para ser merecedores da confianza dos galegos temos que endurecer a nosa posición respecto a aqueles que caen en condutas impropias e que non son dignos de representar nin aos cidadáns nin a estas siglas.

Defendemos a liberdade, a solidariedade territorial, a igualdade de oportunidades, e o respecto polos dereitos e pola dignidade humana, dotando á sociedade do protagonismo a través do fomento da participación dos cidadáns na vida pública. Promovemos unha sociedade inclusiva, xusta, solidaria e equitativa, capaz de ofrecer oportunidades para todos, unha sociedade que recoñeza e premie o esforzo, e que garanta a integridade moral e a liberdade das persoas, como principios fundamentais de calquera sociedade democrática.

Somos un partido transversal e interxeracional que representa á maioría social de Galicia, sen distinción de sexos, status económico ou idade, e superando o concepto da loita de clases da vella esquerda.

A nosa aposta de futuro pasa ineludiblemente por lograr unha maior proximidade cos

mozos e mozas, e por promover o relevo xeracional dentro do partido, fomentando o protagonismo dos máis novos nos postos de responsabilidade dentro da organización do PPdeG, e tamén en postos destacados das nosas candidaturas para optar a cargos de representación no seo das institucións. Só así, a xuventude galega poderase sentir verdadeiramente representada polo PPdeG.

Galicia é un proxecto común. Un proxecto que nos une a todos, sen diferenzas. Un proxecto que debe contar cos galegos e por iso queremos escoitar a súa voz, coñecer as súas ideas. Trátase de abrir as portas do PPdeG, fomentar novas fórmulas de participación política, e ser un partido máis permeable e accesible.

Con esta ponencia aspiramos a refrescar as formas de facer política, a incrementar as canles de participación internos, por parte dos nosos afiliados e simpatizantes, e externos, por parte do conxunto dunha cidadanía que tamén demanda ter un papel activo no principal partido de Galicia.

Ninguén dubida da lexitimidade das nosas institucións e dos nosos representantes, elixidos de forma directa polos cidadáns. Non obstante, é preciso que esa democracia representativa na que vivimos sexa complementada cun maior grao de lexitimidade no exercicio diario, incorporando mecanismos participativos que permitan dotar á actividade política de maior apertura, proximidade e coñecemento da realidade, antes da toma de cada decisión. As liñas políticas dunha administración non deben escribirse só cada catro anos. Os cidadáns deben ter canles para encarrilar as decisións dos gobernos máis alá dos procesos electorais.

Queremos promover un maior achegamento do PPdeG ao conxunto da sociedade. Iso pasa por escoitar as preocupacións e as prioridades dos distintos colectivos e entidades que conforman a pluralidade da sociedade civil do noso país. Fixémolo con esta ponencia e o seguiremos a facer con máis intensidade que ata agora. Porque só os proxectos que nacen e contan coa xente obteñen despois apoios maioritarios.

## **2. UN PARTIDO ABERTO A TODOS: NOVAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN POLÍTICA**

### **2.1 INTRODUCCIÓN XERAL**

1. O maior patrimonio do Partido Popular de Galicia son os seus 100.000 militantes, persoas que queren participar máis, ser escoitadas e sentirse escoitadas. Queremos que todos eles se sintan representados no seu partido.

Incrementar os mecanismos de democracia interna dos partidos, dotar ás organizacións políticas de máis transparencia na súa xestión, e crear unha cultura política de tolerancia cero coa corrupción son as tres demandas principais da sociedade actual cara os partidos políticos.

No proceso de elaboración desta ponencia participativa téñense recollido unha serie de propostas concretas para incrementar a calidade democrática da nosa organización política, e para crear novas formas de participación no seo do partido:

### **2.2 NOVAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN NO PARTIDO**

2. Os cargos públicos e electos do partido manterán un contacto permanente coa realidade social dos distintos territorios, as entidades da zona e os cidadáns, a través de oficinas de atención aos cidadáns e cunha axenda pública, na que incluírán, cando menos, un horario de atención aos cidadáns e unha programación das diversas reunións que manterá cos colectivos e os veciños aos que representan.

Propónse o establecemento de sistemas de dación de conta da súa xestión por parte dos cargos públicos, (alcaldes, concelleiros, deputados provinciais, deputados autonómicos, deputados nacionais e senadores...), ante os respectivos comités locais con carácter anual, que se farán públicos.

3. Crearase a figura do coordinador de participación, que será a persoa encargada de desenvolver novas formas de relación coa cidadanía e coa militancia.

4. Os Estatutos Nacionais do Partido Popular e o Regulamento de Organización do PPdeG dispoñen que o presidente nacional e o presidente autonómico sexan os candidatos do partido ás presidencias do Goberno e da Xunta de Galicia, respectivamente. Esta previsión tamén sería apropiado aplicarlle aos presidentes locais en relación ás candidaturas ás alcaldías.

Por outra banda, o Regulamento Marco de Congresos prevé a realización de congresos para a designación dos presidentes locais do partido mediante elección directa dos afiliados. Un procedemento de elección semellante tamén se debería aplicar aos presidentes provinciais e autonómico de Galicia. Esta elección directa dos presidentes provinciais e autonómico tería lugar cando exista máis dun candidato para o cargo.

En consecuencia, propoñemos que se introduza na normativa interna do Partido Popular as modificacións oportunas co obxecto de posibilitar a elección directa por parte dos militantes das persoas titulares das presidencias autonómica e provincial. Á súa vez, os presidentes locais do partido, elixidos directamente polos militantes serán, con carácter xeral, os candidatos do partido ás alcaldías dos respectivos municipios.

5. Aplicaránse procesos de auditoría previa aos candidatos do PPdeG nos distintos comicios, a través da figura dos auditores internos, que avaliarán que o candidato cumpre as obrigas do Código Ético e de Boas Prácticas do Partido Popular.

6. O PPdeG defenderá a realización de cambios na lexislación electoral para garantir a elección directa dos alcaldes, así como para modificar o sistema de elección dos membros das deputacións provinciais. Estes cambios tenderán a respectar a vontade maioritaria da cidadanía, garantindo unha maior sintonía entre o representante e o representado.

7. Queremos unha Galicia onde os nosos residentes no exterior poidan participar activamente na vida pública galega. Impulsaremos a eliminación da obriga de rogar o voto e fomentaremos a ampliación dos lugares de votación, máis alá dos consulados de España, nas sociedades galegas e españolas, promovendo as revisións periódicas do censo de Residentes Ausentes (CERA).

8. A sombra da corrupción deslexitima os representantes públicos, e mesmo as institucións democráticas, polo que se propón un endurecemento das posicións do partido, especialmente nos supostos de enriquecemento ilexítimo. A figura da auditoría aos candidatos, e o estrito cumprimento do Código Ético deberían previr a aparición de casos.

9. Na mesma dirección, o PPdeG defenderá a eliminación da figura dos aforados no ámbito do Parlamento de Galicia.

10. Proponse o restablecemento e reactivación da figura dos coordinadores comarcais como mecanismo para impulsar a actividade do partido nas distintas comarcas e monitorizar posibles problemas. Proponse a celebración de reunións comarcais con periodicidade mensual. A estrutura de coordinadores comarcais estaría supervisada polas provincias e coordinada polo PPdeG.

### **2.3 FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NAS INSTITUCIÓNS**

11. Crearemos en todas as administracións gobernadas polo Partido Popular unha oficina transversal de participación e transparencia, o que permitirá servir de correa de transmisión bidireccional entre a administración e os cidadáns.

12. Poremos en marcha estruturas regradas de participación cidadá que, en todo caso, contará con prazos moi estritos para dar unha resposta inmediata a calquera suxestión ou queixa cidadá.

13. Avanzaremos cara novas formas e instrumentos que faciliten a participación cidadá directa. O actual modelo regrado e ríxido de participación indirecta a través de asociacións, sindicatos e partidos ten que complementarse con novas formas de comunicación persoal.

14. Realizaremos con asiduidade accións de democracia participativa e diálogo estruturado cos cidadáns, nas que a sociedade civil poida debater e opinar sobre as accións estratéxicas das diferentes administracións, incluído o proceso de elaboración e aprobación dos orzamentos.

15. Incrementaremos e simplificaremos os sistemas de comunicación dos cidadáns cos cargos electos e administrativos, que contarán cunha caixa de correo electrónico de consulta.

16. Fomentaremos a participación e intervención dos cidadáns en plenos municipais, provinciais ou no Parlamento de Galicia, cando se traten temas relacionados con intereses dos cidadáns, ou de colectivos e/ou entidades sempre que respeten o interese xeral.

## **2.4 AS NOVAS TECNOLOXÍAS COMO MOTOR DE CAMBIO SOCIAL**

17. Poremos en marcha unha conta de whatsapp a nivel autonómico, onde os cidadáns poderán interactuar cos responsables políticos do Partido Popular de Galicia.

18. Crearemos unha estrutura estable de xestión e coordinación de redes sociais (RRSS) a nivel autonómico que permita facer chegar á cidadanía a mensaxe dunha forma fluída e coordinada a través desas canles.

19. Implantaremos unha estrutura secundaria e terciaria de redes sociais a nivel provincial e local, que permita ás nosas agrupacións difundir as mensaxes de partido dun xeito coordinado coa dirección autonómica.

20. Nomearemos responsables de redes sociais na maioría das agrupacións dependentes do Partido Popular de Galicia, co fin de crear unha rede unida e compacta.

21. Os cargos públicos, tanto electos como administrativos, deberán valorar a idoneidade de ter presenza en plataformas como Facebook e Twitter, onde poidan trasladar a súa actividade diaria e responder directamente aos cidadáns.

22. Realizaremos cursos de formación en redes sociais para que as agrupacións e cargos públicos poidan xestionar con éxito esas canles de comunicación.

23. Implementaremos nas contas oficiais un estilo máis desenfadado e menos institucional, cunha linguaxe que poida ser entendida por todos os cidadáns, fomentando tamén a interacción e non a mera información.

## **2.5 A MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**



24. Estender o Plan de Racionalización da Administración Pública executado pola Xunta de Galicia ás deputacións e concellos gobernados polo Partido Popular de Galicia.
25. Incentivar a cooperación e asociación de concellos co fin de mancomunar e compartir servizos públicos para reducir o gasto deles e mellorar a súa efectividade.
26. Elaborar un estudo de actualización e simplificación normativa baixo a rigurosa aplicación dos principios de necesidade e proporcionalidade, que permita ao cidadán aterse a un marco xurídico máis actual, sinxelo e efectivo nun horizonte próximo.
27. Crear experiencias de participación cidadá en iniciativas legislativas (proxectos de lei) e de planificación estratéxica (Plan Estratéxico 2015-2020) para o deseño e aplicación dun instrumento permanente e o establecemento dun protocolo de participación a través de órganos colexiados e trámites de información pública coa implicación dos órganos consultivos.
28. Remitir os proxectos legislativos abertos a todos os axentes sociais afectados e interesados na súa elaboración, así como a apertura dun buzón dixital de suxestión particular para cada un dos textos.
29. Constituír comités observadores de expertos formados por profesionais independentes para facer o seguimento daquelas reformas, infraestruturas ou xestións de crise que poidan precisalo.
30. Deseñar unha aplicación móbil integral da Xunta de Galicia como punto de acceso único e homoxéneo ás aplicacións vixentes e a outros servizos de interese para a cidadanía que inclúa un sistema de alertas sobre aquelas materias de interese para cada usuario.
31. Trámites 100 % online: mellorar o alcance da administración electrónica co obxectivo de proporcionar á cidadanía a posibilidade de realizar todos os trámites coas administracións públicas galegas vía internet, sen descoidar a necesaria cercanía da Administración co cidadán cando o precise.
32. Deseñar un sistema de avaliación de políticas públicas que comprobe a efectividade da aplicación da normativa tras a súa aprobación, co fin de verificar o cumprimento dos seus obxectivos e acadar a máxima seguridade xurídica e efectividade requirida nunha norma legal.
33. Aumentar a flexibilización dos horarios de atención nas distintas administracións, considerando os horarios laborais máis habituais para poder prestar un maior servizo á cidadanía e mellorar a conciliación dos traballadores.

## **2.6 NOVAS MEDIDAS PARA AVANZAR NA TRANSPARENCIA DOS PARTIDOS E DAS INSTITUCIÓNS**

34. Publicación a través de páxina web dos orzamentos anuais e a súa execución

periódica, as contas anuais rendidas, os informes de auditoría e fiscalización externos, e os datos de endebedamento de cada unha das institucións gobernadas ou rexidas polo Partido Popular de Galicia.

35. Publicación a través de páxina web de todos os contratos, adxudicacións, convenios, subvencións e axudas públicas de cada unha das institucións gobernadas ou rexidas polo Partido Popular de Galicia.

36. Publicación a través de páxina web das retribucións e declaracións de bens dos altos cargos de cada unha das institucións gobernadas ou rexidas polo Partido Popular de Galicia.

37. Elaboración dun ditame por parte da Comisión de Seguimento do cumprimento do programa electoral do Partido Popular de Galicia, incluíndo a xustificación dos compromisos non acadados ao final de cada lexislatura.

38. Impulsar a esixencia de realizar un informe anual sobre o grao de cumprimento das medidas de transparencia e bo goberno polas administracións públicas e o resto de institucións de Galicia, incluídos os partidos políticos.

## **2.7 NOVAS FORMAS DE COMUNICACIÓN**

39. Moitas das achegas de cidadáns, militantes, cargos electos e dirixentes do partido a esta ponencia participativa coinciden en sinalar que é necesario mellorar na explicación das decisións adoptadas (ou non adoptadas) e mudar as formas de comunicación para adaptalas á nova realidade político-social de Galicia.

As claves son elixir as canles empregadas para difundir as mensaxes importantes para a nosa formación política e transmitilas con máxima sensibilidade social (en especial coas situacións de emerxencia) e con mensaxes contundentes, directas e claras. Tamén con sinceridade, fundamentalmente no que atinxe a recoñecemento dos erros.

Buscar difusión sen complexos dos éxitos e acertos, procura da complicidade e empatía co espectador, oínte ou lector.

Á vista das propostas recollidas, propoñemos estas medidas para acadar unha maior eficacia na transmisión das mensaxes e mellorar a imaxe pública do PPdeG e dos seus representantes.

40. Proponse a creación dunha Estratexia Global a un ano vista, baseada na monitorización de datos e comportamentos da comunidade autónoma e cunha serie de obxectivos expresos, que serán revisados pola dirección do PPdeG periódicamente.

41. Artellar un discurso uniforme nos asuntos fundamentais, construíndo unha mensaxe uniforme e común a todo o partido en cada un dos asuntos relevantes de gobernanza, para a súa defensa nos medios de comunicación. Na súa elaboración deberán terse en conta as distintas suxestións chegadas ao PPdeG, as achegas dos

diferentes “think tank” e as demandas, inquedanzas e queixas dos cidadáns e colectivos recollidas nas reunións, encontros e consultas públicas.

42. Reforzar a participación en tertulias de radio e televisión. É preciso potenciar os mellores perfís políticos que teñan capacidade comunicativa e unha imaxe axeitada para poder defender con forza o discurso e os argumentos comúns do partido.

### **3. RECUPERACIÓN ENTRE TODOS: ECONOMÍA E EMPREGO**

#### **3.1 A NOSA PRIORIDADE, A CREACIÓN DE EMPREGO**

43. Como non pode ser doutra forma, no contexto socioeconómico que estamos a vivir, a prioridade dos gobernos do Partido Popular é a creación de emprego de calidade, que permita a consolidación da recuperación económica que xa empeza a plasmarse nos indicadores macroeconómicos. Para que iso sexa unha realidade, plantéxanse as seguintes propostas:

44. Dar unha maior publicidade e información ás medidas establecidas dentro da estratexia de emprendemento e emprego xuvenil. Tamén se deben desenvolver máis accións dirixidas a adquirir experiencia profesional.

45. Reducir a burocracia e a lexislación: as trabas administrativas e o exceso de normativa lastran a competitividade e, polo tanto, a creación de emprego.

46. Optimizar os recursos provenientes dos fondos da Unión Europea e a nova estratexia de financiamento para apoiar novos proxectos produtivos e xeradores de emprego.

47. Elaboración dunha estratexia conxunta coas universidades, cos centros de formación profesional e coas empresas, para que os mozos e as mozas teñan unha maior experiencia laboral nas súas especialidades, co fin de lograr que a universidade e a formación profesional contribúan a crear oportunidades de emprego.

48. Creación dun observatorio da calidade no emprego, reforzando os mecanismos de control e incentivando as boas prácticas empresariais, co fin de garantir as axeitadas condicións laborais dos traballadores e a intermediación necesaria coa empresa, así como a posta en marcha de mecanismos para combatir o emprego precario.

49. Potenciar o sistema cooperativo e asociativo para a prestación de determinados servizos públicos (sociais, asistenciais ou de servizos municipais), así como no ámbito dos servizos privados (limpeza, socio- asistencial).

50. Debemos atender dun xeito prioritario os parados de longa duración e de máis idade, así como os parados con menores ao seu cargo, que necesitan seguir a cotizar na última fase da súa vida laboral. Para eles, é necesaria unha resposta máis personalizada e individual, en función de cada caso e unha atención integral, non exclusivamente laboral, e nesta labor deben participar e reorientarse as oficinas de emprego.

51. Resulta fundamental que determinados sectores estratéxicos entren nun deseño de reindustrialización para tratar de ser máis competitivos, o que resulta

especialmente necesario para pequenas e medianas empresas.

### **3.2 A RECUPERACIÓN ECONÓMICA: UNHA POLÍTICA FISCAL E TRIBUTARIA MÁIS XUSTA**

52. Impulsaremos unha revisión do imposto de sucesións e doazóns considerando a evolución da situación orzamentaria da Comunidade Autónoma.

53. Proporemos a introducción dunha nova rebaixa do tramo autonómico do IRPF.

54. Solicitaremos a actualización das valoracións catastrais, co fin de conseguir un imposto de bens inmoables máis xusto e equitativo, evitando as sobrevaloracións que se producen na actualidade.

55. Promover o abaratamento das cotizacións á Seguridade Social das empresas que contraten indefinidamente e en boas condicións laborais a novos empregados.

### **3.3 APOSTA POLOS SECTORES PRODUTIVOS DE GALICIA**

56. Unha economía forte e saneada é a base dunha sociedade de benestar. As empresas son as que crean emprego e esa é a mellor política social que se pode facer a medio prazo. Por iso, no PPdeG temos que apostar por políticas expansivas de apoio ás empresas, sendo imprescindible seguir avanzando no cambio de modelo económico no país, incidindo na innovación. Partindo desta realidade, as políticas do PPdeG teñen que ir encamiñadas a rexenerar o tecido empresarial.

57. As empresas son o motor económico, son as que crean emprego no contorno no que se instalan. Debemos apostar dun xeito máis decidido pola mellora da competitividade a través da investigación, o desenvolvemento e a innovación.

58. A administración e o primeiro piar ao que se achega o empresario e o emprendedor. É primordial unha administración áxil, sen obstáculos e onde se respecten estrictamente os tempos.

59. Deben facilitarse os trámites aos cidadáns e as empresas, facendo un seguimento para lograr a coordinación entre a administración local, a autonómica e a estatal, así como reducir trámites á exportación.

60. Demándase un trato personalizado dos expedientes, poñendo en marcha o portal do emprendedor, impulsando e mellorando a información a través da Unidade Galicia Emprende.

61. A diminución no prezo do solo dos polígonos industriais deu o seus froitos. Hai que ir máis alá, facendo en cada un deles unha análise do aproveitamento segundo as parcelas, e das necesidades de extensións amplas de terreo.

62. Débese avanzar na implantación e mellora do acceso e a velocidade de internet nos polígonos empresariais

63. É fundamental o apoio aos viveiros de empresas, así como a realización dunha análise de viabilidade e interrelación entre empresas cara á creación de futuras industrias fortes e competitivas.

64. Deben dotarse con maiores competencias os concellos en materia urbanística, por seren o ente máis próximo e áxil, dacordo coa normativa autonómica de Galicia.

65. Compre afondar no desenvolvemento da axenda da competitividade “Galicia Industria 4.0”, para facer fronte aos retos da industria galega cara 2020.

### 3.3.1 APOIO AOS AUTÓNOMOS E EMPRENDEDORES

66. Establecemento de mecanismos eficaces de protección dos autónomos e as pequenas empresas fronte á competencia desleal.

67. Elaboración de esixencias administrativas axeitadas en función das particularidades do emprendedor, autónomo ou pequena empresa.

68. Elaboración dunha análise rigorosa das políticas de formación e emprego levadas a cabo historicamente polas administracións públicas, orientándoas á demanda real e á creación directa de emprego, especialmente por parte das pequenas empresas.

69. Fomento da participación e do asociacionismo no sector agrario para fortalecer e facer máis competitivo o campo galego.

70. Simplificación dos trámites burocráticos previstos para o inicio ou constitución dunha actividade económica, concedendo plena vixencia á lexislación en materia de procedemento administrativo en canto á supresión da esixencia de presentar documentación que xa obra en poder da administración.

### 3.3.2 A REINDUSTRIALIZACIÓN DE GALICIA NA BUSCA DA COMPETITIVIDADE

71. Dende o PPdeG somos plenamente conscientes da importancia dos sectores estratéxicos da nosa economía como panca da recuperación económica que todos desexamos. Por iso, respectando a liberdade do mercado instamos os poderes públicos, concretamente a Xunta de Galicia, a seguir traballando de forma dinámica e proactiva para abandeirar a modernización dos nosos sectores produtivos máis estratéxicos como o naval, a automoción, o textil, a enerxía ou o sector aeronáutico.

72. No eido do sector naval, débese promover e impulsar a diversificación industrial, co impulso decidido da eólica mariña, e co fomento da competitividade e da internacionalización. A Xunta seguirá involucrándose na busca da carga de traballo para estaleiros públicos e privados. No eido da automoción, apoiarase de forma especial á industria auxiliar de fabricación de componentes, ao Cluster do sector e ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia.

73. A Xunta seguirá traballando porque Galicia saque partido do feito de ser un dos principais produtores de enerxía do país, incrementando a competitividade da

industria galega, centrando a súa estratexia enerxética no apoio decidido ás enerxías renovables e ao desenvolvemento dun hub de GNL. Potenciarase o desenvolvemento do sector aeronáutico, apoiando a creación dun polo aeronáutico no desenvolvemento tecnolóxico de avións non tripulados e impulsando o Centro Mixto de Investigación Aerotransportado de Rozas.

74. A Xunta de Galicia tamén impulsará o sector textil, o agroalimentario, o turismo, o sector forestal co fomento da biomasa, o biosanitario, o agrogandeiro ou o pesqueiro, así como o da rehabilitación enerxética. Todos eles son claves para lograr a reindustrialización de Galicia.

### 3.3.3. O PAPEL PROACTIVO DA ADMINISTRACIÓN NA REACTIVACIÓN ECONÓMICA

75. Cremos nunha Galicia produtiva, moderna e diversificada, unha Galicia exportadora e innovadora que apoie aos autónomos e emprendedores e que avance nas novas tecnoloxías e na dixitalización das empresa para a mellora da nosa competitividade.

76. É preciso que a administración galega manteña unha actitude proactiva, apoiando os investimentos empresariais naqueles sectores clave da nosa economía, impulsando e respaldando procesos de innovación produtiva, a internacionalización, e fomentando a colaboración empresarial en determinados sectores, o que resulta fundamental para que a nosa industria poida gañar tamaño.

### 3.3.4 TURISMO, COMERCIO E SECTOR SERVIZOS

77. Creación dunha tarxeta turística oficial de Galicia que permitiría o acceso a toda a oferta turística (transporte, hoteis, restaurantes, espazos culturais, etc) e comercial, ofrecendo un paquete conxunto de actividades a un prezo ventaxoso.

78. Establecer novos mecanismos de información-relación co turista (estranxeiro ou nacional), a través da creación dun portal web integral e de aplicacións, acordos coas novas necesidades duns visitantes cada vez máis formados e esixentes.

79. Creación dun bono unificado para o servizo de transporte ferroviario (“Galicia Rail Pass”), pensado para o turismo máis novo de peregrinaxe, vinculado ao Camiño de Santiago.

80. Aposta turística intelixente: coidar, mellorar e promocionar o Camiño de Santiago, e fomentar aqueles sectores baseados nas nosas potencialidades, que xeren sinerxias co Camiño (turismo termal, industrial, de senderismo ou deportivo).

81. Diseñar a planificación turística e comercial de forma participativa, establecendo sinerxias entre ambos sectores, mediante un diálogo constante coas asociacións de hostaleiros e de comercio, promovendo a presenza da nosa “Artesanía de Galicia” e o tráfico de cruceiros nos nosos portos.

82. Utilizar e potenciar a imaxe “Galicia” (con especial fincapé nas posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías) e a marca “Galicia Calidade” asociada aos sectores produtivos galegos, o que favorece a presenza dos nosos produtos no exterior.

83. Centrar os esforzos naqueles eventos (festas populares, tradicionais, gastronómicas) de recoñecido prestixio e, sobre todo, aquelas que teñen maior arraigamento na cidadanía e proxectan a imaxe “Galicia”.

84. Potenciar a creación e reanimación de grandes áreas comerciais integradas nos centros das cidades, asociadas ao patrimonio existente, desenvolvendo un urbanismo comercial innovador, cunha aposta clara pola peatonalización e humanización, básicamente polos seus efectos directos no comercio e a hostalería.

### 3.3.5 SECTORES PRIMARIOS

85. Apoiar decididamente ao sector lácteo de cara a garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, de xeito que se permita a viabilidade e competitividade das explotacións leiteiras.

86. Dinamizar a posta en marcha de proxectos produtivos sostibles no medio rural, outorgando prioridade á creación de valor engadido no destino dos fondos da UE no novo escenario orzamentario 2014-2020.

87. Posta en valor real e efectiva dos montes e aproveitamento forestal, como modelo produtivo e como estratexia efectiva contra os incendios forestais.

88. Apostar por proxectos que permitan aportar un maior valor engadido ao sector primario integrando a cadea comercial para conseguir unha maior achega de beneficio ao produtor, pechando o ciclo produción-transformación comercialización dos produtos agrarios.

89. Incrementar os incentivos e facilidades para que os nosos mozos teñan unha oportunidade de futuro no medio rural.

90. Nos concellos de mar, as rías e o seu saneamento son unha prioridade. Procurarase buscar unha maior actividade produtiva nos bancos marisqueiros, coidando a súa comercialización mediante coordinación, especialización e fortalecemento das lonxas como puntos de venda.

### 3.3.6 MEDIOAMBIENTE, TRANSPORTE E INFRAESTRUTURAS

91. Incrementaremos a aposta polo transporte metropolitano e intensificaremos o apoio ao transporte público colectivo, así como os aparcadoiros disuasorios e os modos de desprazamento máis sostibles.

92. Potenciaremos a funcionalidade da rede de infraestruturas de comunicación que permitan a vertebración interior de Galicia, apostando polo seu papel transformador do territorio e revertindo a grave tendencia de perda de poboación.



93. Potenciaremos as campañas de concienciación para incrementar a reciclaxe, informar sobre o custo real dos residuos e buscar fórmulas para estimular os composteiros e a reciclaxe selectiva nos fogares.

Traballaremos por seguir avanzando no cumprimento dos obxectivos de valorización material total dos residuos sólidos urbanos, mediante a realización de melloras e adaptacións nas plantas de xestión existentes.

94. Apoiaremos a optimización de recursos públicos na infraestruturas aeroportuarias e portuarias de Galicia promovendo unha coordinación entre as diferentes terminais e os distintos medios de transporte.

95. Impulsaremos a finalización do AVE entre Galicia e o resto de España para convertelo nun medio de transporte público clave que fomente a cohesión territorial, conectado coas sete grandes cidades de Galicia

96. Farase unha aposta decidida pola seguridade viaria tanto dende o punto de vista de creación das infraestruturas adecuadas para unha mobilidade segura e sostible como na sensibilización da sociedade de actitudes e comportamentos máis adecuados.

## **4. RECUPERACIÓN PARA TODOS: BENESTAR E POLÍTICA SOCIAL**

### **4.1 DA EXCLUSIÓN SOCIAL CARA UNHA SOCIEDADE CADA VEZ MÁIS INCLUSIVA**

97. A profunda crise económica que sofre dende 2008 España, e por conseguinte, tamén Galicia, tense traducido nun preocupante endebedamento das administracións públicas, nunha importante destrución de tecido produtivo, a perda de milleiros de postos de traballo, e por ende, nunha preocupante situación de vulnerabilidade socioeconómica para moitas familias.

98. Malia que os indicadores macroeconómicos levan varios trimestres confirmando a recuperación económica e unha redución significativa do desemprego, o certo é que todavía son máis as persoas e as familias que sofren directamente as consecuencias da crise que os que se benefician dos efectos reais da recuperación económica.

99. E por iso, son moitas as persoas –moitas, que nunca se viran en tal situación– que queren traballar e non poden facelo. As administracións públicas deben traballar para elas e pensando nelas, unificando esforzos e coordinando accións. É preciso combater as posibles situacións de risco de exclusión social, garantindo uns mínimos ás persoas e ás familias que peor o están a pasar, con programas de apoio e acompañamento personalizados para desempregados de longa duración nos que colabore o Servizo Público de Emprego, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, as Deputacións, e os concellos de toda Galicia, a través dos seus servizos sociais.

100. Esta é a cara máis amarga da crise económica. Pero non a única. Xunto aos que perderon o seu emprego, está tamén unha importante parte da poboación que, conservando o seu posto de traballo, sufriu axustes nas súas condicións sociolaborais, e viu mermada a súa calidade de vida.

101. Pensando neles, a Xunta de Galicia debe poñer en marcha medidas dirixidas á clase media galega, para devolverlles o seu nivel de vida anterior á crise. É preciso mellorar coa recuperación económica as condicións sociolaborais dos empregados públicos, e dotar de maior estabilidade laboral ao persoal laboral e funcionario ao servizo da administración galega. Hai que establecer prestacións e servizos que atendan en primeiro lugar ás rendas máis baixas, pero despois ás clases medias, excluídas xeralmente dos programas da administración.

102. Galicia non pode ser allea ás situacións de precariedade de moitos dos nosos cidadáns no exterior, polo que temos que garantir o sistema de axudas a persoas en risco de exclusión para eses galegos que viven fóra da comunidade, mellorar o sistema de emisión da tarxeta “Galicia Saúde” e facilitar o seu retorno para aqueles que desexen emprender en Galicia ou volver á comunidade na súa xubilación.

103. Proponse que o dependente dispoña dunha cantidade mínima para os seus gastos persoais.

104. Proponse incluír cláusulas sociais obrigatorias nos procedementos de contratación pública, priorizar entidades do terceiro sector e cubrir as necesidades de servizos para as persoas con discapacidade, dependentes e non dependentes.

105. Proponse garantir a accesibilidade integral e instar á modificación da Lei de Propiedade Horizontal para eliminar obstáculos no desenvolvemento de actuacións de accesibilidade.

106. Proponse fomentar a xestión uniforme das valoracións nos baremos da dependencia ás persoas con discapacidade intelectual.

#### **4.2 ESTRATEXIA PARA A GARANTÍA DE COBERTURAS SOCIAIS BÁSICAS**

107. Proponse o establecemento dunha estratexia para a garantía das coberturas sociais básicas da poboación en situación de risco de exclusión social que comprenda unha garantía de acceso a unha vivenda protexida, formación para o emprego, ampliación da Renda de Integración Social, cunha tramitación máis áxil e flexible, coberturas sanitarias integrais, educativas e mesmo culturais, garantindo de forma especial uns mínimos nas condicións de vida das familias con menores ao seu cargo.

108. A estratexia deberá estar coordinada co Plan de loita contra a desigualdade económica, e deberá aglutinar todos os servizos públicos dispoñibles para as vítimas da crise (como por exemplo o ticket enerxético social, as axudas para adquisición de libros de texto e material escolar, o plan antidesafuzamentos ou a atención das necesidades básicas como o almorzo e o xantar) e que conte coa colaboración das entidades de iniciativa social que traballan no ámbito da prevención da exclusión social.

#### **4.3 MEDIDAS DE APOIO Á CLASE MEDIA GALEGA**

109. Faise preciso o desenvolvemento dun amplo paquete de medidas de apoio á clase media galega que inclúa:

- Medidas fiscais (IRPF), que permitan incrementar a renda dispoñible;
- Medidas de apoio á vivenda
- Impulso de programas de conciliación da vida laboral e familiar nas empresas
- Fomento da conciliación familiar dende as administracións, dotando dunha maior accesibilidade e horarios ás escolas infantís
- Apoio ao transporte público, abordando unha verdadeira modernización de tódolos sistemas de transporte, mellorando as comunicacións existentes e fomentando tarifas especiais para colectivos como familias numerosas, estudantes ou xubilados
- Oferta de actividades extraescolares accesibles para todos, a través do Plan Deporte Galego Escolar

#### **4.4 MEDIDAS DE APOIO Á FAMILIA E Á INFANCIA COMO ELEMENTO DE COHESIÓN SOCIAL**

110. Os colectivos que representan ás familias deben participar activamente á hora de elaborar políticas e medidas dirixidas a elas, as cales deben servir de base para o impulso demográfico de Galicia.

111. Debemos traballar máis intensamente para impulsar a natalidade, apoiando con medidas económicas, educativas e sociais aos pais e nais, especialmente durante o embarazo e os primeiros anos de vida dos fillos, e que se deberán incrementar nos casos de familia numerosa. Tamén debemos mellorar a conciliación familiar e laboral, reforzando as axudas directas ás familias mediante bono-gardería e bono-coidador.

112. Levar a cabo políticas de adecuación dos horarios dos servizos públicos, que permitan a conciliación da vida familiar e laboral.

113. Establecer incentivos para as empresas que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar dos seus traballadores.

#### **4.5 EDUCACIÓN, CULTURA E UNIVERSIDADE**

114. Incrementar o diálogo e participación da comunidade educativa, profesorado, ANPAS e alumnado coa administración.

115. Mellorar a política de axudas para adquisición de libros de texto e implementar inversións nos centros educativos co obxecto de seguir garantindo unha correcta dotación, equipamento e habitabilidade.

116. Potenciar a segunda lingua estranxeira, para facilitar o éxito laboral dos nosos mozos e mozas nun mundo globalizado e altamente competitivo.

117. Fomentar hábitos saudables nos centros de ensino contribuíndo tamén a diminuír a obesidade infantil e o sedentarismo

118. Estreitar vínculos de colaboración entre as institucións e os centros educativos e de emprego de persoas con discapacidade, poñendo especial énfase na relación da administración pública autonómica cos referidos centros.

119. Revalorización da figura do profesorado instando á elaboración do Estatuto do Persoal Docente.

120. Diálogo fluído e constante co sistema universitario: a universidade é un axente de primeira orde, que constitúe unha aposta clara de todo país desenvolvido na xeración de progreso, e xa que logo, de creación de emprego.

121. Establecer un sistema de fomento da investigación, acorde coa casuística universitaria e coa realidade de Galicia, integrando o tecido empresarial dentro dos grupos de investigación.

122. Creación dunha axenda cultural única galega que contribúa a potenciar e apoiar tamén o turismo na comunidade.

123. Potenciar a oferta formativa na Formación Profesional en todas as súas modalidades co obxecto de achegar opcións formativas que teñan unha maior demanda no ámbito laboral.

124. Potenciación do uso da lingua galega no conxunto da sociedade, con propostas que obteñan o consenso dende distintas opcións ideolóxicas e políticas.

125. Posta en marcha de medidas positivas que impulsen o uso do galego sobre todo en idades infantís e xuvenís. Favorecer a transmisión interxeracional da lingua nas familias galegas.

126. Planificación da promoción do galego no ámbito socioeconómico por ser este un dos motores da nosa sociedade.

#### **4.6 UNHA SANIDADE UNIVERSAL E PÚBLICA**

127. Seguir potenciando a creación e modernización das infraestruturas sanitarias públicas, equipándoas cos últimos avances tecnolóxicos, para que contribúan a mellorar o traballo diagnóstico e a atención de todos os cidadáns.

128. Seguir achegando profesionais con alta formación, nun proceso continuo de reciclaxe, que combine métodos de teleformación e experiencias prácticas.

129. Favorecer unha comunicación áxil e fluída entre profesionais de atención primaria e especialistas, única forma de garantir un sistema integrado de atención, centrado no doente.

130. Reforzar a aposta decidida pola atención domiciliaria, así como polos servizos de hospitalización a domicilio, implicando o doente e ao seu contorno nos seus propios cuidados.

131. Reforzo do papel e da participación dos profesionais sanitarios, poñendo en valor a súa capacidade profesional, dotándoos de máis autonomía e capacidade de xestión, así como o seu papel na divulgación de métodos de prevención de enfermidades e impulsar a inversión en recursos humanos para recoñecer o seu magnífico traballo, que se ten que ver recompensado a través dos mecanismos oportunos.

132. Responsabilizar os profesionais do uso adecuado dos recursos na atención hospitalaria.

133. Facilitar un sistema que ofrezca maior axilidade no acceso aos medicamentos de doentes crónicos, sen diminuír a esixencia na supervisión do tratamento que fan os profesionais sanitarios.

134. Promover hábitos de vida saudables, incrementando os autocoidados, e defendendo unha política farmacéutica sostible e estable, onde se apoie a investigación.

135. Mellorar a xestión de consultas externas, a través da supervisión de axendas e seguimento de demoras para reducir tempos de resposta. Aumentar a denominada como “visita única”, nun mesmo día, para os procesos seleccionados. Implementar mecanismos de alerta cando o resultado das probas diagnósticas poidan ter un impacto notable na saúde do doente.

136. Debemos realizar un novo enfoque da atención do doente crónico e pluripatolóxico: establecer novos protocolos específicos para mellorar a abordaxe hospitalaria con visión integral; e recoñecer o papel fundamental da atención primaria no seguimento dos doentes crónicos convalescentes.

137. Facilitar a transición dende o ámbito sanitario ao social para aqueles doentes que o precisen, establecendo sistemas combinados cos servizos sociais comunitarios, máis tamén, potenciando o papel da enfermería na xestión proactiva con eses doentes nas transicións hospital-domicilio.

#### **4.7 MEDIDAS DE APOIO Á MOCIDADE**

138. Retomar políticas de emancipación para menores de 30 anos, tanto no ámbito do alugueiro, como no de adquisición ou rehabilitación de vivendas, utilizando uns baremos proporcionais á súa capacidade económica.

139. Crear espazos nos que a mocidade poida ensaiar e emprender novas actividades económicas, e á súa vez contar cun gabinete de formación e orientación, onde os que se decidan a poñer en marcha un negocio poidan atopar asesoramento fiscal e administrativo de balde.

140. Apostar por programas de educación non formal como complemento educativo, en prol de favorecer a adquisición de destrezas que melloren a súa empregabilidade, así como pola formación innovadora de segundo nivel, relacionada coas novas tecnoloxías e os idiomas.

141. Por en marcha un programa que facilite que os mozos e mozas poidan facer practicas profesionais nos distintos departamentos das administracións públicas ou en empresas, unha vez rematen os seus estudos, como método de adquisición de experiencia e de novas competencias.

142. Apostar por programas mixtos de formación e emprego, que sirvan de complemento para asumir os custos derivados da actividade académica.

143. Adaptar a oferta formativa á realidade social de Galicia, en función da súa economía produtiva e da demanda real do mercado laboral.

144. Elaborar un plan periódico de emprego xuvenil que deberá combinar accións formativas, medidas para a empregabilidade e o autoemprego, e medidas de

incentivos fiscais para empresas e emprendedores.

145. É preciso prestar un coidado especial e coordinación nas axudas para a implantación de emprendedores no rural. Cada mozo incorporado é unha nova industria que asenta poboación e propicia coa súa instalación a cohesión territorial e os coidados medioambientais.

146. Potenciar a adhesión dos concellos ao programa Carné Xove e promover as bonificacións económicas para o uso de infraestruturas públicas (ximnasia, piscinas...), así como o acceso a actividades culturais e deportivas.

147. Xerar alternativas de ocio saudable.

148. Ofertar actividades de sensibilización e responsabilidade social, a prol da igualdade e de loita contra a discriminación.

149. Fomentar a participación da mocidade na vida política e pública mediante novas canles de participación.

#### **4.8 NOVAS POLÍTICAS DE IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN (MULLER, INFANCIA E DIVERSIDADE FUNCIONAL)**

150. Para a plena igualdade entre homes e mulleres é preciso potenciar as políticas de conciliación, xa que logo son peza fundamental para que ambos os dous poidan incorporarse en pé de igualdade ao mercado laboral e permanecer nel.

151. Reforzar os horarios de atención das escolas infantís, comedores escolares e servizos de almorzo e canguro, xeralizando esa oferta en toda a comunidade, con especial atención ao ámbito rural.

152. Impulsar plans personalizados de protección ás vítimas de violencia de xénero, do tipo dos plans de atención individual no ámbito sociosanitario, tanto das mulleres, como dos menores e das persoas maiores coas que convivan.

153. Mellorar a teleasistencia e a coordinación policial e xudicial na protección de mulleres maltratadas.

154. Prestar especial atención ao ámbito escolar, en concreto, á formación nos valores de igualdade e non discriminación, toda vez que a educación é un instrumento fundamental.

155. É precisa unha boa integración da inmigración, achegando novos habitantes ao noso territorio, e contribuíndo á recuperación económica co seu traballo e esforzo. É importante definir programas para un desenvolvemento sen exclusións e servizos de inclusión necesarios nos ámbitos de educación, sanitario, de urxencia, de vivenda e ocupacionais para as persoas e os colectivos en situacións máis vulnerables.

156. Defendemos unha inmigración legal, ordenada e vinculada ao emprego, en coherencia coas políticas adoptadas pola Unión Europea. Estamos en contra das

mafias e o tráfico de persoas e debemos combatelas con campañas de sensibilización específicas e seguimentos dende os servizos sociais municipais.

157. A escolarización e o acceso á cultura dos nenos inmigrantes é a mellor forma de integración na nosa sociedade, apoiando programas de apoio para evitar o aínda elevado fracaso escolar.

158. Promoveremos activamente a loita contra o racismo, a xenofobia e a homofobia, favorecendo un clima social de respecto entre todas as persoas, con independencia da súa orixe, raza ou condición sexual, e promovendo iniciativas que permitan a normalización destes colectivos na actividade cívica, cultural e social habitual dos nosos concellos.

159. Apostar por todas as iniciativas de voluntariado permanente, para incentivar o traballo daquelas persoas convencidas na súa capacidade para transformar a sociedade, con proxectos cívicos e solidarios con entidades sociais e organismos públicos e privados.

160. Apoiar a creación de proxectos cívicos e solidarios con entidades sociais e organismos públicos e privados, que teñan entre os seus fins a realización de accións de axuda, sensibilización, compromiso, e colaboración cos demais.